

# Faro *da* Cultura



Ashurbanipal dando morte ao león (Museo Británico, Londres).

Moitas veces non somos capaces de situar nas coordenadas precisas de tempo e de espazo os feitos históricos alleos ao Imperio Romano. A razón é ben sinxela: aparentemente, non forman parte da nosa tradición. Sen embargo, dalgunhas civilizacións formadas no noso Oriente próximo temos un coñecemento, nin que sexa indirecto, grazas á súa presenza na Biblia.

Este sería o caso de Ashurbanipal, o derradeiro gran rei de Asiria, que gobernou entre 669-631 aC, é dicir trinta e oito anos. O seu imperio –daquela o maior do mundo– tiña o seu centro en Nínive (no actual Iraq) e chegaba ata Chipre e parte de Exipto polo oeste, e Persia polo leste. Un momento histórico no cal as cidades estado de Grecia aínda non colleran a forza que permitiu que a súa cultura chegase ata nós. A figura deste rei asirio e do seu legado cultural vai ser obxecto da exposición *Eu son Ashurbanipal* no Museo Británico de Londres (ata o 29 de febreiro de 2019).

Ashurbanipal non estaba chamado a reinar. O seu pai, Assarhaddon, despois que morresen dous dos seus fillos, entre eles o herdeiro, nomeou para este cargo a Ashurbanipal e ao seu irmán Shamash-shum-ukin, maior ca el, herdeiro de Babilonia. Como o primeiro non estaba nas previsións de gobernar, recibira unha formación intelectual pe-

ro non militar, e foi a partir da súa designación como herdeiro que a aprendeu. Unha condición insólita esta dun rei culto.

Unha das tarefas que realizou foi a de espía por conta do seu pai, circunstancia que lle facilitou coñecer moi ben o seu imperio. Tamén foi adestrado na monta de carros, en disparar frechas e en matar leóns, o deporte real asirio. Unha vez coroado rei, Ashurbanipal ordenou plasmar tales habelencias en diversos relevos para decorar o seu palacio: unha representación artística que salientaría a súa capacidade para cazar ou ser desapiadado cos seus inimigos. Con guerras ou con tácticas diplomáticas conseguiu unificar o imperio, incluso a costa do seu irmán, o rei de Babilonia.

## “Eu son Ashurbanipal”

Lembranza do derradeiro gran rei asirio

JOAQUIM VENTURA

Pero asemade foi o artífice da decoración do seu palacio, especialmente polos s xardíns (tal vez serían os que foron chamados “colgantes de Babilonia”) de Nínive, cidade que xa fora engrandecida polo seu avó Senaquerib. E tamén da que tal vez sexa a primeira gran biblioteca da historia: millares de libros escritos en placas de arxila, moitos deles orixinais babilónicos copiados en lingua asiria, entre os cales, a lenda de Ghilgamesh, a máis antiga das epopeas conservadas. Unha biblioteca que tiña as súas obras catalogadas e cuxos fondos medraban por orde real: diversos emisarios procuraban cantas obras pagasen a pena e copiábanas en asirio.

Perdida Nínive uns anos despois da mor-

te de Ashurbanipal, boa parte daquela biblioteca ficou oculta polas paredes derrubadas. Non foi ata 1849 cando 30.000 placas, unha parte da enorme cantidade que custodiara, foi descuberta e transferida ao museo londiniense. Hoxe, estes fondos xunto cos relevos, son a base da exposición que comentamos.

Como bo epígono, a desaparición deste rei pasou a ser lendaria. E se ben temos moitas evidencias arqueolóxicas da súa vida, apenas quedan indicios de como morreu. A derradeira vez que aparece citado foi no ano 631 aC e se ben algunhas fontes din que gobernou catro anos máis, os expertos consideran 630 aC como o ano máis probable da súa fin. Este misterio, xuntado á case inmediata desaparición de Asiria como entidade política e cultural (612 aC), fixeron de Ashurbanipal o suxeito da lenda da caída de Nínive e da súa voluntaria desaparición coas súas riquezas e concubinas, como reflectiu Delacroix no cadro *Morte de Sardanápalo* (1827).

Unha dimensión, a deste monarca excepcional, que coñecemos polas inscricións referidas a el e escritas en primeira persoa: desde escenas de caza a chamarse “o rei do mundo”. Uns fondos, estes conservados polo Museo Británico e agora expostos, que collen novo valor despois da salvaxe destrución do museo de Nínive por fanáticos xihadistas hai dous anos.

ARTE: NO MUSEU NADIR  
AFONSO (CHAVES) / PÁX. III

ENTREVISTA COA ILUSTRADORA E PINTORA  
LUZ BELOSO / PÁX. V

TEATRO: ARREDOR DE GARAGE,  
DO GRUPO VOADORA / PÁX. VIII